



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 32)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D^a. M^a del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **un de setembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres/as Deputados/as D^a. Mayra García Bermúdez, D. Miguel Fernández Méndez e D. Daniel García Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de agosto de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DA MEMORIA XUSTIFICATIVA, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS E MATERIAL INFORMÁTICO PARA A RACIONALIZACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe emitido polo servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7PS6LJDE66SXXTARW4D5QBMA, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes de feito.

Primero.- O día 25 de agosto de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a contratación da subministración de equipamentos e material informático para a racionalización dos postos de traballo da Deputación de Lugo. Expediente nº: 2023/CON_02/000050.

Segundo.- O día 28 de agosto de 2023, dende o Servizo de Novas Tecnoloxías solicitan mediante escrito con CSV: IV7PS2RJBL6TLH6SUUANIEHSCE, tramitar as modificacións que afectan ao apartado 6.4 do Prego de Prescricións Técnicas e ao apartado 4.4 da Memoria Xustificativa.

Ditas rectificacións repercuten no PCAP polo que conlevan unha rectificación en dito documento.

Terceiro.- Detéctase un erro no apartado “Y. Responsable do contrato” que tamén é obxecto de rectificación.

Consideracións xurídicas.

1.-De acordo coa documentación obrante no expediente, e visto o informado polo Servizo de Novas Tecnoloxías e TICS, procede rectificar a Memoria Xustificativa e os



pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas da contratación de referencia, segundo o que se indica a continuación:

1. 1- A redación do apartado 6.4 do Prego de Prescricións Técnicas –“Facturación” quedaría do seguinte xeito.

“O adxudicatario terá dereito ao abono do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Deputación.

O pago farase mediante facturas segundo o grao de avance conformadas polo responsable do contrato ás que se engadirán copia das actas de recepción parciais do equipamento recibido.”

Pola mesma razón procede a rectificación da Memoria Xustificativa e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, nos seguintes termos:

1. 2-A redación definitiva do apartado 4.4 da Memoria Xustificativa “Proposta de Pagamento”, sería a seguinte:

“O adxudicatario terá dereito ao abono do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Deputación.

O pagamento realizarase contra factura mensual, na que se detallará todo o equipamento subministrado durante ese mes. Segundo se indica no prego de prescricións técnicas, no apartado 5.3, a recepción do material farase polo Servizo de Novas Tecnoloxías, quedándose cunha copia do albarán de entrega asinado e coa acta de recepción parcial de cada remesa, ditas actas se acompañarán con cada factura. O pagamento realizarase tras un informe favorable ou conformidade do responsable do contrato que recibirá e supervisará a correcta entrega e funcionamento do subministro.

A factura será expedida de acordo coa normativa vixente, en formato electrónico Facturae e será presentada a través do Rexistro Electrónico de Facturas FACE, segundo a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.”

1. 3- A redación definitiva do apartado AA. “forma de pago” do PCAPs sería a seguinte:

“O adxudicatario emitirá mensualmente unha factura, detallada por prezos unitarios e indicando o % de desconto aplicado,e segundo o grado de avance do subministro efectivamente entregado e formalmente recibido pola Deputación.

O pagamento do prezo do contrato realizarase despois de informe favorable ou conformidade do responsable do contrato. A factura expedirase de acordo coa normativa vixente. A facturación realizarase a mes vencido e se engadirán copia das actas de recepción parciais do equipamento recibido.”

1. 4- A maiores, procede rectificar o punto “Y” do cadro resumen do PCAP, que indica o “A Xefa do Servizo de Prevención, D. Luis Gil Díez, ou persoa en que delegue ou o substitúa.”, procede rectificar o cargo indicado polo seguinte: “O Técnico Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, D. Luis Gil Díez, ou persoa en que delegue ou o substitúa”.

2.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 3 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión.

Considerando os antecedentes, e vistas as consideracións realizadas no corpo do presente, infórmase de xeito favorable a continuación do expediente, para proceder á modificación da Memoria Xustificativa e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas relativas á contratación da subministración de equipamentos e material informático para a racionalización dos postos de traballo da Deputación Provincial de Lugo. Expediente nº: 2023/CON_02/000050.”

Á vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a rectificación da Memoria Xustificativa e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas relativas á contratación da subministración de equipamentos e material informático para a racionalización dos postos de traballo da Deputación Provincial de Lugo. Expediente nº: 2023/CON_02/000050, rectificadas nos termos recollidos no informe reproducido anteriormente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, e modificado por acordo da Xunta de Goberno de data 11/08/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	73	MODIFICADO ADECUACIÓN AVENIDA DE GALICIA, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70	86.375,03	104.960,73€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada a través de escrito de data 07/08/2023 solicita:

a) A modificación do proxecto de investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 73, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... dificultade de conseguir o bordillo de granito e rematar as obras antes do 30 de outubro substitúes por bordillo

prefabricado,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	73	MODIFICADO ADECUACIÓN AVENIDA DE GALICIA, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70	86.375,03	104.960,73€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de A Fonsagrada que se sinala, e que a execución do investimento queda incluído no Plan Único 2022 segundo o proxecto achegado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto de investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	73	MODIFICADO ADECUACIÓN AVENIDA DE GALICIA, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70	86.375,03	104.960,73€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2023.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONFORTE DE LEMOS	152	MELLORA DA MARXE DEREITA DA RÚA ABELEDOS, INCLUÍDO HONORARIOS	4.047,66€	60.209,01€	64.256,67€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos a través de escrito de data 23/08/2023 solicita:

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 152, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “....xa que o proxecto definitivo da obra antedita ten variado, incluíndose o peche contra o lateral dunha parcela colindante,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONFORTE DE LEMOS	152	MELLORA DA MARXE DEREITA DA RÚA ABELEDOS, INCLUÍDO HONORARIOS	15.397,88€	60.209,01€	75.606,89€

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igu almente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputacion, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.



O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello de Monforte de Lemos que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONFORTE DE LEPOS	152	MELLORA DA MARXE DEREITA DA RÚA ABELEDOS, INCLUÍDO HONORARIOS	15.397,88€	60.209,01€	75.606,89€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa á addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución de fins comúns consistentes en: execución parque acuático en Vilalba, incluído honorarios de redacción.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: execución parque acuático en Vilalba, incluído honorarios de redacción que dispón o seguinte:

“Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27/08/2021, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

1. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de execución parque acuático en Vilalba incluído honorarios redacción proxecto, con un orzamento total de 852.687,00 euros.
2. Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 682.149,60 euros, dos que 341.074,80€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021 e 341.074,80€ financiados na anualidade de 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 a cantidade de 341.074,80 euros.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, para a execución parque acuático en Vilalba, incluído honorarios de redacción formalizouse o 07/09/2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 14/10/2022 aprobouse addenda de modificación, sendo asinada o 14/10/2022.

De igual xeito, consta xustificada a anualidade de 2021, aprobada pro Resolución da Presidencia de data 16/12/2022.

Terceiro: Pola Alcaldía do Concello de Vilalba remitiuse escrito o 25/08/2023, no que indica que durante a execución do investimento concorreron circunstancias que supoñen continxencias, que fan sexa necesario a modificación do proxecto.



Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula primeira. Obxecto:

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
EXECUCIÓN PARQUE ACUÁTICO EN VILALBA, INCLUÍDO HONORARIOS REDACCIÓN	Anualidade 2021: 341.074,80€ Anualidade 2022: 341.074,80€	Anualidade 2021: 17.545,00€ Anualidade 2022: 152.992,40€
TOTAL	682.149,60€	170.537,40€
TOTAL	852.687,00€	

Na cláusula terceira:

a) Obrigas e compromisos das partes:

“Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 682.149,60€ dos que 341.074,80€ son con cargo ao orzamento do 2021, 341.074,80€ financiados na anualidade de 2022.

b) Obrigas e compromisos das partes no relativo ás obrigas do Concello de Vilalba:

(...)

e) Executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 30/09/2023

(...)

Na cláusula cuarta. Réxime económico e titularidade dos resultados:

“O importe total a achegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo que se indican:

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
MODIFICADO EXECUCIÓN PARQUE ACUÁTICO EN VILALBA, INCLUÍDO HONORARIOS DE REDACCIÓN	Anualidade 2021: 341.074,80€ Anualidade 2022: 341.074,80€ 682.149,60€	9420.76200

(...)”

E no apartado b):

Sendo a financiación en varias anualidades distintas, a xustificación do convenio efectuarase por anualidades, sendo os prazos de xustificación das mesmas:

(...)

Anualidade de 2022: Deberá xustificarse adecuadamente antes do 30/10/2023”.

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”.

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, para a realización conxunta, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Execución parque acuático en Vilalba incluído honorarios de redacción” é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o convenio e o gasto.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé no mesmo a súa modificación, que media a vontade de ambas partes e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, informase favorablemente a addenda de modificación segunda do convenio incorporada ao expediente, nos termos nela expresados, debendo o Concello observar o disposto na normativa vixente en relación coa modificación do proxecto, de xeito que a data de execución do investimento quede postergada ata o 30/05/2024 e a xustificación da anualidade de 2023 se poida achegar ata 30/06/2024, co financiamento que se detalla no cadro seguinte:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MODIFICADO EXECUCIÓN PARQUE ACUÁTICO EN VILALBA, INCLUÍDO HONORARIOS	Anualidade 2021: 341.074,80€	Anualidade 2021: 17.545,00€
	Anualidade 2022: 341.074,80€	Anualidade 2022: 152.992,40€
	Anualidade 2023: 125.269,67€	Anualidade 2023: 21.288,79€
TOTAL	807.419,27€	191.826,19€
TOTAL	999.245,46€	

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno:

Que se aprobe a addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Execución parque acuático en vilalba, incluído honorarios de redacción do seguinte teor:



“Addenda segunda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en: execución parque acuático en Vilalba incluído honorarios de redacción.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra dona Elba Veleiro Fernández, que actúa en nome e representación do Concello de Vilalba, con C.I.F. P-2706500B e sé social en Praza de Constitución, 1 27800- Vilalba- , de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcaldesa.

Actuando don Jose Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación do Convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo, e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 27/08/2021 prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns consistentes en: Execución parque acuático en Vilalba incluído honorarios de redacción, sendo asinado o convenio o 07/09/2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 14/10/2022 aprobouse addenda de modificación, sendo asinada o 14/10/2022.

De igual xeito, consta xustificada a anualidade de 2021, aprobada pro Resolución da Presidencia de data 16/12/2022.

Segundo.- Pola Alcaldía do Concello de Vilalba remitiuse escrito o 25/08/2023, no que indica que durante a execución do investimento concorreron circunstancias que supoñen continxencias, que fan sexa necesario a modificación do proxecto.

Terceiro.- Tal circunstancia motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 07/09/2021 que é preciso operar a través dunha segunda addenda de modificación ao mesmo, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.

Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente modificación do convenio con suxeición as seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Modifícase a cláusula primeira do convenio de interadministrativo suscrito con data 07/09/2021, no relativo á modificación do proxecto do investimento obxecto do convenio, debendo o Concello observar o disposto na normativa vixente en relación coa modificación do proxecto, que quedará redactado co seguinte teor:

“(…)

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MODIFICADO EXECUCIÓN PARQUE ACUÁTICO EN VILALBA, INCLUÍDO HONORARIOS	Anualidade 2021: 341.074,80€ Anualidade 2022: 341.074,80€ Anualidade 2023: 125.269,67€	Anualidade 2021: 17.545,00€ Anualidade 2022: 152.992,40€ Anualidade 2023: 21.288,79€
TOTAL	807.419,27€	191.826,19€
TOTAL	999.245,46€	

(…)”

Segunda.- Obrigas e compromisos das partes.

Modifícase a cláusula terceira, relativa ás obrigas da Deputación, do convenio de interadministrativo suscrito con data 07/09/2021, que quedará redactado co seguinte teor:

“(…)”

Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 682.149,60 € dos que 341.074,80 € son con cargo ao orzamento do 2021, 341.074,80 € financiados na anualidade de 2022, e 125.269,67 € con cargo á anualidade de 2023.

E o apartado e do punto 3.2 relativas as obrigas do Concello de Vilalba, que quedará:

e) Executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 30/05/2024

(…)”

Terceira.- Rexime económico e titularidade de resultados.



Modifícase a cláusula cuarta, apartado b), relativo á xustificación, do convenio de interadministrativo suscrito con data 07/09/2021, que quedará redactado co seguinte teor:

“(…)

O importe total a chegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo que se indican:

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
MODIFICADO EXECUCIÓN PARQUE ACUÁTICO EN VILALBA, INCLUÍDO HONORARIOS	Anualidade 2021: 341.074,80€ Anualidade 2022: 341.074,80€ Anualidade 2023: 125.269,67€	9420.76200
	807.419,27€	

(…)”

E apartado b) no seguinte senso, ao incluír a xustificación da anualidade de 2023:

“(…)

Sendo a financiación en varias anualidades distintas, a xustificación do convenio efectuarase por anualidades, sendo os prazos de xustificación das mesmas:

(…)

Anualidade de 2023: Deberá xustificarse adecuadamente antes do 30/06/2024.

(…)”

Cuarta.- Outras cláusulas.

As demais cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 07/09/2021 en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables. Ambas partes acordan incorporar ao convenio interadministrativo suscrito esta modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 3 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que, como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXCEDENCIA POR COIDADO DUN FAMILIAR DUNHA FISIOTERAPEUTA, FUNCIONARIA INTERINA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Miriam Santos Jul, Fisioterapeuta, funcionaria interina, suposto artigo 10.1.a) do EBEP “Existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira”, que presta servizos nos Centros de Atención a Maiores da Sección de Benestar Social e Igualdade, en escrito de data 24 de agosto de 2023, rexistrado o mesmo día, co número 15.686, solicita a excedencia, por coidado de familiar en segundo grado de consanguinidade (aboa), polo período inicial dun ano.

Tendo en conta a normativa de aplicación: Artigo 140 do Real Decreto Legislativo 781/86, do 18 de abril, que nos seus apartados 1 e 2 establece:

“1.- As situación nas que poden atoparse os funcionarios de carreira da Administración Local serán as seguintes:

(...)

c) Excedencia forzosa ou voluntaria.

(...)

2.- Ditas situación regularanse pola normativa básica estatal e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios da Administración do Estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local”.

Artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, que di textualmente:

“1.- O persoal funcionario de carreira ten dereito a un período de excedencia por coidado de familiares de duración non superior a tres anos, sen que sexa exixible o requisito de ter prestado un tempo mínimo de servizos previos, nos seguintes casos:

a) Para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, contando dende a data de nacemento ou, de ser o caso, da efectividade da resolución xudicial administrativa.

b) Para atender ao coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, cando, por razón de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poida valerse por sí mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

2.- Pódese facer uso de forma fraccionada do período de excedencia regulado neste artigo.

3.- O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante desa orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta poñerá fin, de ser o caso, ao que se viñese gozando.



4.- No caso de que dúas persoas xeren o dereito á excedencia regulada neste artigo polo mesmo suxeito causante, a Administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razón xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.

5.- Durante o período de excedencia, o desempeño de actividades retribuídas está suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades.

6.- O tempo de permanencia na situación regulada neste artigo compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable, e reservarse o posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo. Se se ocupara un posto de traballo con carácter provisional, a reserva manterase mentres o posto non se cubra polos procedementos previstos nesta lei.

7.- O persoal funcionario que se encontré na situación regulada neste artigo pode participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

8.- O persoal funcionario interino ten dereito á excedencia regulada neste artigo, ben que a reserva do posto de traballo se manterá únicamente mentres non concorra ningunha das causas de cesamento previstas para esta clase de persoal nesta lei.

9.- No caso de desfrute de esta excedencia polo período máximo de duración, o reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación dun mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia”.

Á vista do sinalado, do informe do Servizo de RR.HH e da documentación presentada pola interesada, procede que pola Xunta de Goberno se acorde:

Declarar en situación administrativa de excedencia por coidado dun familiar a Dona Miriam Santos Jul, dende o día 2 de setembro de 2023, polo período inicial dun ano, é dicir, dende o 2 de setembro de 2023 ata o 1 de setembro de 2024, reservándose o posto de traballo, mentres non concorra ningunha das causas de cesamento previstas na citada lei.

O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos no Réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.